

Henrique Rabuñal e Concha Blanco formarán o xurado do certamen do Colonial Café de Cee

La Voz

CARBALLO | O Colonial Café de Cee vén de convocar a terceira edición do seu concurso literario, que este ano terá como xurado aos escritores Concha Blanco e Henrique Rabuñal. Ademais, actuará como asesor Antón Castro e como coordinador, José Luis González.

No certamen poderá participarse cun máximo de tres relatos ou poemas escritos en galego e «rigurosamente inéditos». De feito, os organizadores non admitirán obras premiadas noutros certames nin publicados en calquera medio.

Os relatos non deben superar os 2.000 caracteres e os poemas terán como máximo 30 versos. Os traballos deben remitirse ao correo electrónico colonialcafe@yahoo.es ou ben á dirección: Colonial

Café, centro comercial Finis-terrae, Cee (15.270), poñendo como referencia «III concurso literario». Os textos presentaránse cun pseudónimo e tamén poñerán o nome, apelidos e lugar de residencia da persoa que os envía.

Aínda que o tema é libre, en ambos casos valorarán todo aquilo que estea relacionado coa Costa da Morte e, sobre todo, a súa orixinalidade.

O prazo de admisión de relatos e poemas pecharase ás 24.00 horas do vindeiro 30 de marzo e o nome dos gañadores darase a coñecer o 18 de abril, nun acto que se celebrará na cafetería a partir das 20.00 horas. Haberá dous galardóns de 300 euros (un para cada categoría) e dous accésits de 100 euros. Ademais haberá un premio único de 100 euros para os menores de 15 anos.